



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: contratacion@oleiros.org

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

### Data e hora de celebración

Xoves, 30 de maio do 2024, ás 10:30 horas.

### Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

### Asistentes

- **Presidenta:** D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
  - D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
  - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
  - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
  - D<sup>a</sup> Eva Cividanes Bello, Educadora Social, para a licitación nº 2024/CONTRAT/000049
- **Público asistente:**
  - D<sup>a</sup> Alejandra Zapata Maceiras, Técnica de Contratación.
  - D. Juan Manuel Suárez Vilas, Coordinador SMEPC.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: [contratacion@oleiros.org](mailto:contratacion@oleiros.org)

## ORDE DO DÍA

### 1.- 2024/CONTRAT/000010: SERVIZO DE XARDINERÍA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

### 2.- 2024/CONTRAT/000043: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE OLEIROS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

### 3.- 2024/CONTRAT/000049: FINDES DE LECER 2024

Acto non público de:

- Ditame sobre emenda de defectos atopados na documentación administrativa

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 1 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 2.
- Proposta de adxudicación, se procede

### 4.- 2024/CONTRAT/000052: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO AUTO ESCALEIRA PARA O SMEPC.

Acto <sup>(1)</sup> de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

<sup>(1)</sup> A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: contratacion@oleiros.org

## 1.- 2024/CONTRAT/000010: SERVIZO DE XARDINERÍA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE OLEIROS

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado "SERVIZO DE XARDINERÍA E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DO CONCELLO DE OLEIROS".

O importe de licitación, para un prazo de duración de catro anos, é de 5.066.139,68 € ao que se lle engade o 21% IVE (1.063.889,33 €), o que supón un importe total de 6.130.029,01 €

Este importe desagregase do seguinte xeito:

	Orzamento sen IVE	IVE 21 %	Total
Lote 1	1.797.203,20 €	377.412,67 €	2.174.615,87 €
Lote 2	1.988.930,60 €	417.675,43 €	2.406.606,03 €
Lote 3	1.280.005,88 €	268.801,23 €	1.548.807,11 €
<b>TOTALES</b>	<b>5.066.139,68 €</b>	<b>1.063.889,33 €</b>	<b>6.130.029,01 €</b>

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 25 de abril do 2024 sendo publicado o día 26 de abril do 2024; e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de abril do 2024.

Rematado o día 27 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	Lotes aos que se presenta
ACCIONA MEDIO AMBIENTE S.A.	A46609541	24/05/2024 14:05:23	2 - 3
ALVAC S.A.	A40015851	27/05/2024 18:41:15	2
CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	A36006666-B40011934	27/05/2024 12:15:44	2 - 3
JARDINERIA ARCE S.L.	B15547979	27/05/2024 11:17:16	1 - 2 - 3
LORABERRI S.L.	B95703542	24/05/2024 20:59:43	3
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	A28760692	27/05/2024 15:28:41	1 - 2 - 3

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa". Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:





Contido		Documento no que figura	ACCIONA	ALVAC	SAN JOSÉ – EL EJIDILLO UTE	ARCE	LORABERRI	VALORIZA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica		DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAP, que consiste nun proxecto técnico.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

**SEGUNDO.-** Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: contratacion@oleiros.org

## 2.- 2024/CONTRAT/000043: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE OLEIROS

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión que tivo lugar o día 23 de abril do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO LIMPEZA VIARIA NO CONCELLO DE OLEIROS”.

O importe de licitación, para un prazo de duración de catro anos, é de 4.270.513,40 € ao que se lle engade o 10% IVE (427.051,34 €), o que supón un importe total de 4.697.564,74 €

Para os efectos de presentación de ofertas enviouse anuncio ao DOUE o día 25 de abril do 2024 sendo publicado o día 26 de abril do 2024; e tamén se publicou anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de abril do 2024.

Rematado o día 27 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. - JARDINERÍA ARCE, S.L.	B15072713-B15547979	27/05/2024 12:01:04
FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	A28541639	27/05/2024 14:08:14
VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	A28760692	27/05/2024 15:56:50

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	LÓPEZ CAO – ARCE UTE	FCC MEDIO AMBIENTE	VALORIZA
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: contratacion@oleiros.org

Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adjudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAP, isto é: análise de condicionantes no ámbito do servizo, metodoloxía e organización do servizo e control e seguimento do servizo..

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

**SEGUNDO.-** Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.





### 3.- 2024/CONTRAT/000049: FINDES DE LECER 2024

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002243, de 30 de abril do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo denominado “FINDES DE LECER 2024”.

O orzamento da licitación é de 10.567,84 €, ao que se lle suma un 10% de IVE (1.056,78 €), o que supón un importe de 11.624,62 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 2 de maio do 2024 e unha posterior corrección o día 15 de maio do 2024.

Rematado o día 24 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
NOELA PÉREZ PEREIRA	47368208F	24/05/2024 23:40:54

A Mesa de Contratación reunida o pasado día 27 de maio do 2024 procedeu á apertura e comprobación dos arquivos ou sobres electrónicos nº 1 presentados polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposta suxeita a avaliación previa” e detectou os seguintes defectos na documentación presentada pola única empresa presentada:

Dª Noela Pérez Pereira presenta unha serie de documentación que non se corresponde co momento procedimental actual. A documentación que debería de presentar é a que consta na cláusula 2.2.6 do prego de cláusulas administrativas particulares; é dicir:

- 1.- Modelo do “anexo IV.- autorizacións e declaracións” debidamente cuberto e asinado
- 2.- Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) debidamente cuberto e asinado. As instrucións para cubrir este documento figuran no anexo III do prego.
- 3.- Xustificante da súa inscrición no ROLECE ou no Rexistro de licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia. No caso de non estar inscritos, deberán de presentar o documento xustificativo de ter presentada a solicitude dentro de prazo.

A Mesa de Contratación admítea provisionalmente e concédelle a esta empresa un prazo de tres días hábiles para a emenda destes defectos.

Por outra banda, e a expensas de que esta licitadora emendara os defectos detectados na súa documentación, a Mesa acordou tamén remitir a documentación correspondente á proposta suxeita a avaliación previa a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no anexo XII do PCAP.





Con respecto aos defectos detectados na documentación presentada; dentro do prazo concedido, D<sup>a</sup> Noela Pérez Pereira presenta a documentación que considera oportuna para a emenda dos mesmos.

Procedería que, neste acto, a Mesa comprobara a documentación presentada pola empresa e decidira sobre a súa admisión.

Así, en acto non público, analizada a documentación presentada, a Mesa considéraa correcta polo que, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Admitir definitivamente a D<sup>a</sup> NOELA PÉREZ PEREIRA (47368208F) a esta licitación.

Con respecto da avaliación da documentación presentada neste sobre nº 1; o día 30 de maio do 2024, a educadora social, D<sup>a</sup> Eva Cividanes Bello, emite informe de valoración da oferta suxeita a xuízo de valor

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do informe emitido polos servizos técnicos e procedese, se é o caso, á apertura da documentación contida nos sobres nº 2 denominados “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 1 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 2.

A Mesa comproba que no informe técnico indícase que a licitadora aporta neste sobre nº 1 información referida ao sobre nº 2, pero os datos presentados non inflúen na avaliación da memoria presentada de forma obxectiva.

A este respecto, tendo en conta que o feito de presentar no sobre nº 1 información referida ao sobre nº 2 non inflúe na valoración subxectiva da memoria presentada e que non vai prexudicar a outros licitadores cos que poida competir nin, polo tanto, vai xerar ningún prexuízo a outros competidores; a Mesa de Contratación acorda continuar coa avaliación deste sobre.

Deste xeito; do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

NOME DA EMPRESA	PROPOSTA DE XESTIÓN DO SERVIZO
D <sup>a</sup> NOELA PÉREZ PEREIRA	20,00 / 25,00

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 2, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:







CRITERIO		NOELA PÉREZ
Oferta económica	Importe, sen IVE	22,97 €/hora
	Puntos	0,23 / 45,00
Bolsa horas actividades complementarias preparación previa	Horas	10 horas
	Puntos	15,00 / 15,00
Bolsa horas actividades complementarias nos días que se desenvolverán as saídas	Horas	10 horas
	Puntos	15,00 / 15,00
Puntuación TOTAL SOBRE 2		30,23 / 75,00

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 1	Sobre 2	TOTAL
1	Dª NOELA PÉREZ PEREIRA	47368208F	20,00 / 25,00	30,23 / 75,00	50,23 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "FINDES DE LECER 2024" a Dª NOELA PÉREZ PEREIRA. (47368208F) por un importe, sen IVE, de 22,97 €/hora (25,27 €/hora, 10% IVE incl.) e ata un importe máximo de consumo durante o prazo de duración do contrato de 11.624,62 € (10% IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





#### 4.- 2024/CONTRAT/000052: ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO AUTO ESCALEIRA PARA O SMEPC.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002488 de 14 de maio do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración denominada “ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO AUTO ESCALEIRA PARA O SMEPC”

O importe de licitación é de 78.512,40 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (16.487,60 €), o que supón un importe de 95.000,00 € IVE engadido

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 14 de maio do 2024.

Rematado o día 29 de maio do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
BULLFUEGO SLU	B15972789	27/05/2024 12:09:46

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado pola empresa licitadora denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido	Documento no que figura	BULLFUEGO
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV Cumpre
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV Cumpre
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV Cumpre
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV Cumpre
	Datos de subcontratación	Anexo IV Cumpre
Capacidade de obrar	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias	DEUC	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social	DEUC	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades	DEUC	Cumpre
Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.





Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas.

Os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, a oferta presentada non se atopa en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valorala e puntuala. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		BULLFUEGO
Oferta económica	Importe	78.500,00 € (94.985,00 co IVE)
	Puntos	0,03 / 30,00
Redución prazo entrega	Prazo	Entrega en 31-45 días
	Puntos	10,00 / 20,00
Formación sobre uso vehículo	Cursos	3 xornadas
	Puntos	5,00 / 10,00
Prazo de garantía	Prazo	Non
	Puntos	0,00 / 10,00
Mantemento preventivo	Nº mantementos	Non
	Puntos	0,00 / 10,00
Servizo post-venda	Distancia	A menos de 10 km.
	Puntos	10,00 / 10,00
Melloras características técnicas e de seguridade	Si / Non	Si. As 3
	Puntos	5,00 / 5,00
Melloras instalación material SMEPC	Si / Non	Si
	Puntos	5,00 / 5,00
PUNTUACIÓN TOTAL ÚNICO		35,03 / 100,00

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	TOTAL
1	BULLFUEGO SLU	B15972789	35,03 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

**SEGUNDO.-** Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato para a subministración denominado "ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO AUTO ESCALEIRA PARA O SMEPC" á empresa "BULLFUEGO, S.L.U.". (B15972789) por un importe de 78.500,00 € (94.985,00 co 21% IVE), de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





**CONCELLO DE  
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]  
Correo-e: [contratacion@oleiros.org](mailto:contratacion@oleiros.org)

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

**En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D<sup>a</sup> Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación**

